

ACTA DA REUNIÓN DE XUNTA DIRECTIVA ORDINARIA DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS - BETANZOS”, CELEBRADA O DÍA 12 DE MARZO DE 2012.

En Bergondo, a 12 de marzo de 2012 sendo as 19.30 horas, e presentes as persoas que a continuación indícanse, no Local Social de Santa Marta de Babío (Bergondo).

Asistentes:

- D. Fernando Bandín Monteiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Rabo do Galo).
- D. Lois Anxo Ferreiro Bestilleiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Cultura Aberta de Carral).
- Dna. Concepción Lema Torre, en representación da Mesa do sector da artesanía (Asociación Artesáns As Mariñas) e Secretaria da Asociación.
- Dna. Sabela Pérez Iglesias, en representación da *Mesa Sectorial Asociacións e colectivos medioambientais ou actividades na natureza* (Asociación Cultural Libre de Paderne – Roxin Roxal).
- D. José Soto Martínez, en representación da *Mesa do sector de turismo e hostalería* (Asociación de Turismo Sostible de A Coruña).
- D. Xoan Alvarez Llana en representación da *Mesa do sector institucional* (Fundación para o avance científico da veterinaria en Galicia)
- Dna. Carmen Borobio Vázquez en representación da *Mesa do sector institucional* (Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia –CEIDA-)
- D. Manuel Padín Santos, Concelleiro de Turismo do Concello de Arteixo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- Dna. Florinda Duarte Gerpe, Concelleira de Educación, Emprego e Comercio do Concello de Carral, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Francisco Quintela Requeijo, Alcalde do Concello de Coirós en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- Dna. Marta Iglesias Becerra, Concelleira de Promoción Económica e emprego do Concello de Culleredo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Rodrigo López Piquín, Concelleiro de Obras Públicas do Concello de Oleiros, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.

- D. Cesar Longo Queijo, Alcalde do Concello de Paderne, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*. Vicepresidente da Asociación.
- D. José Angel Sánchez López. Concelleiro de Promoción Económica e Turismo do Concello de Sada, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- Dna. María José Crespo Fraga, en representación da *Mesa da pesca, marisqueo e acuicultura* (Confraría de Pescadores de Miño).
- Dna. María Teresa Tiemblo Marsal, en representación da *Mesa de colectivos de interese social, discapacidade e ONG´s* (ASPANAES).
- D. José Francisco Castro Vilariño, en calidade de asesor externo da Asociación “Mariñas – Betanzos”.
- D. Jorge M. Blanco Ballón. Xerente Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.
- Dna. Concepción Bonome González. Técnica Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.

A SESIÓN TENSE DESENVOLTO, CO SEGUINTE RESULTADO:

Preside a reunión D. Cesar Longo Queijo, Vicepresidente da Asociación e Alcalde de Paderne.

1. LECTURA E APROBACIÓN, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Apróbase a Acta da sesión anterior.

2. SEGUIMIENTO PROGRAMA “AGROEMPREGA”

Co obxecto de informar aos membros da Xunta Directiva, os técnicos responsables do Programa Agro-Emprega teñen elaborado a memoria correspondente ao mes de febreiro do 2012 que se xuntou coa Convocatoria, onde se informa detalladamente de todas as altas e baixas que houbo no mes de febreiro entre o alumnado, do nivel de asistencia do alumnado, da principais actividades desenvolvidas, así como dos análises do solo e dos principais cultivos efectuados na finca experimental.

Por outra banda nesta memoria, vai incluída unha solicitude de prórroga de finalización das actividades deste Programa, co obxecto de ser trasladada á Consellería de Traballo e Benestar.

A Xunta Directiva autoriza ao Equipo Técnico a que realice os trámites oportunos para solicitar unha prórroga de remate das acción ata o 30 de outubro de 2012, baseándose nos motivos expostos no informe presentado na Xunta Directiva.

3. INFORME PROXECTOS PRESENTADOS A DIFERENTES ENTIDADES

3.1. INTERREG SUDOE.

Dende AGADER, teñen convidado ao GDR Mariñas - Betanzos a participar na TERCEIRA CONVOCATORIA SUDOE. SUDOE é un PROGRAMA DE COOPERACIÓN TERRITORIAL que a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) apoia o financiamento de proxectos transnacionais do Espazo Sudoeste Europeo (SUDOE).

O obxectivo principal deste proxecto é mellorar a gobernanza da terra e do territorio a nivel local mediante o emprego das tecnoloxías de información xeoespacial e de comunicación. Diseñar as ferramentas que permitan novos modelos de organización dos axentes e dos recursos vinculados á terra. Estudiaranse medidas innovadoras para a dinamización do aproveitamento produtivo do territorio/xestión territorial dende o punto de vista da gobernanza e da utilización de novas tecnoloxías.

Este proxecto permitiría seguir avanzado no traballo que estase a facer dende "Mariñas - Betanzos" no relacionado cos recursos agro-forestales, nas melloras da gobernanza da terra; usos tradicionais da terra e xestión dos montes... (Proxecto Nuevos Horizontes; Proxecto Saxmel; Programa Agro-Emprega; Proxecto ASGAIA...).

Este proxecto ten unha duración de dous anos (do 1 de xullo de 2012 ao 31 de decembro de 2014), e para participar presentouse unha CARTA DE COMPROMISO, onde quedou reflectido participar no proxecto e levar a cabo as accións, así como aportar a cofinanciación necesaria.

TÍTULO DO PROXECTO: “ Innovación en la Gobernanza de Tierras con Tecnología para la gente”

COSTE TOTAL: 1.464.595.-€

AXUDA FEDER SOLICITADA: 1.098.446,25.-€

ORZAMENTO ACCIÓNS MARIÑAS – BETANZOS: 122.315.-€

AXUDA FEDER: 91.736,25.-€

Mariñas – Betanzos tería que aportar a este proxecto en dous anos e medio a diferenza que ascende a 30.578,75 euros.

Nº SOCIOS PARTICIPANTES: 6 ESPAÑA / 1 FRANCIA / 4 PORTUGAL

ESPAÑA

1. Agencia Gallega de Desarrollo Rural (AGADER).
2. Universidade de Santiago de Compostela Departamento de Ingeniería Agroforestal
3. Universidade de A Coruña. Facultad de Informática Grupo Arquitectura de Computadores.
4. Consellería de Medio Ambiente, Transporte e Infraestruturas. Xunta de Galicia. Dirección General de Sostenibilidad y Paisaje Instituto de Estudios del Territorio.
5. Asociación de Desenvolvemento Rural “Mariñas – Betanzos”.

PORTUGAL

6. Municipio de Mação

7. Direção-Geral de Agricultura e Desenvolvimento Rural

8. Instituto Politécnico de Viana do Castelo Escuela Superior Agraria.

A Xunta Directiva acorda a participación do GDR “Mariñas – Betanzos” neste proxecto, nomeando á Presidencia e Vicepresidencia indistintamente, como representantes para todas as actuacións que se deriven deste proxecto.

3.2. PROGRAMA EMPLEA VERDE

Convoca: Fundación Biodiversidad

O Programa “empleaverde” apoia proxectos que poñan en marcha procesos de cambio relacionados co medio ambiente e a sostenibilidade e que teñan entre os seus obxectivos:

- Promocionar e mellorar o emprego en xeral e o emprego verde en particular.
- Aumentar as competencias e a cualificación dos traballadores en temas ambientais e de sostenibilidade.
- Fomentar a modernización e innovación de empresas e sectores de actividade.
- Promover a creación de empresas vinculadas ao medio ambiente.
- Adaptar as actividades económicas á normativa ambiental.
- Impulsar a sostenibilidade das actividades económicas.

A proposta de liñas de acción a desenvolver sería:

MARIÑAS-BETANZOS EMPLEA VERDE:

1. CURSO SOBRE PRODUTOS ECOLÓXICOS E COMERCIALIZACIÓN AGROALIMENTARIA EN CIRCUITOS CORTOS.

Con esta acción preténdese mellorar as competencias e cualificación dos traballadores que gardan relación co sector agroalimentario, en canto a boas prácticas agrícolas respectuosas co medioambiente, sobre vías de comercialización alternativa para as producións locais e ecolóxicas a través de canles curtas, e sobre o papel da restauración na valorización das variedades locais cultivadas, coñecendo experiencias demostrativas.

2. CURSO SOBRE MEDIDAS DE AMORTIGUACIÓN PARA ACTUACIÓNS EN ESPAZOS DE ALTO VALOR NATURAL.

A través desta xornada preténdese formar e capacitar aos traballadores que desenvolvan a súa actividade en espazos sensibles de alto valor natural, co obxectivo de reducir o impacto destas actividades sobre o medioambiente.

3. XORNADA SOBRE ACTIVIDADES TURÍSTICAS EN ESPAZOS NATURALS.

A través desta xornada quérese transmitir as oportunidades que ofrece o desenvolvemento de actividades turísticas sostibles, concienciar aos traballadores das empresas ligadas ao turismo, ocio complementario, axencias de viaxe, restauración, aloxamento da necesidade de poñer en marcha prácticas respectuosas con el medioambiente e intercambiar experiencias con outros axentes doutros territorios que están traballando no ámbito do turismo sostible.

4. CONCURSO “CON SABOR A MARIÑAS – BETANZOS”.

Preténdese dar a coñecer os produtos locais e fomentar o seu consumo na restauración no ámbito de actuación da Asociación “Mariñas-Betanzos”, tanto de produtos das rías como agrarias, animando a súa comercialización a través de canles curtas, e valorizándose a través da gastronomía.

5. ESTUDIO SOBRE A PRODUCCIÓN ECOLÓXICA COMO OPORTUNIDADE PARA O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE.

O obxectivo desta acción é dotar aos traballadores ligados ao sector agrario, da información necesaria para desenvolver prácticas agroecolóxicas, identificar novas oportunidades para a comercialización de produtos ecolóxicos a través de canles curtas, así como produtos procesos innovadores para a valorización destas producións.

6. ESTUDIO SOBRE TURISMO SOSTIBLE: UNHA OPORTUNIDADE DE DESENVOLVEMENTO LIGADA AOS ESPAZOS NATURALS.

Coa realización deste estudio preténdese identificar novas actividades turísticas respectuosas co medioambiente boas prácticas, co obxectivo de transmitir estas oportunidades que ofrece o turismo sostible ligado a espazos naturais, concienciar aos traballadores das empresas dos subsectores implicados co turismo, ocio, restauración e aloxamento, sobre a necesidade de poñer en marcha prácticas respectuosas co medioambiente e a conservación de espazos naturais.

7. ESTUDIO PARA A MELLORA DE OPORTUNIDADES DE EMPREGO A TRAVÉS DA XESTIÓN SOSTIBLE DA TERRA E O TERRITORIO

Esta acción ten como obxectivo dotar aos traballadores ligados a sectores relacionados coa xestión da terra e o territorio dunha ferramenta para a identificación de oportunidades de emprego ligadas á xestión sostible da terra e á ordenación do territorio; identificando iniciativas respectuosas co medioambiente que poidan poñer en valor as terras agrarias e forestais; estudando os usos tradicionais e potenciais da terra e analizando a aptitude que podería ter na zona de estudo. Outro dos obxectivos sería fomentar un uso e aproveitamento da terra acorde coas boas prácticas agrícolas e forestais, respectuoso co medioambiente, e que teña en conta as aptitudes e restricións, tanto naturais como legais, da mesma. Deste modo ofrécese a estes traballadores, información sobre o territorio e sobre modelos de xestión sostible, facilitando o desenvolvemento de novas actividades económicas sostibles.

ORZAMENTO TOTAL DO PROXECTO: 85.000,00 €. (Mariñas – Betanzos aportaría de fondos propios o 20% do total do proxecto, que ascende a 17.000 euros).

A súa execución sería en 12 meses, coincidindo en dúas anualidades (2012-2013).

A Xunta Directiva autoriza para que se inicien os trámites de solicitude, así como autorizar á Presidencia e Presidencia indistintamente como representantes en todas as actuacións que se deriven do trámite desta solicitude.

3.3. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA. PROMOCIÓN ECONÓMICA

A proposta de liñas de acción a desenvolver sería:

ESTUDIO PARA A MELLORA DE OPORTUNIDADES DE EMPREGO A TRAVÉS DA XESTIÓN SOSTIBLE DA TERRA E DO TERRITORIO

- FASE A: Análise do territorio obxecto de estudio (medio natural, físico, social y económico)
- FASE B: Estudio dos usos e aproveitamentos tradicionais e potenciais da terra (agrícolas, gandeiros, forestais, ambientais, etc.).
- FASE C: Identificación de iniciativas e experiencias relacionadas co aproveitamento e a xestión sostible da terra (a custodia do territorio, a agricultura ecolóxica, explotacións forestais sostible, aproveitamento da biomasa con fins enerxéticos ou produción de substratos, aproveitamentos forestais non madeireiros ou xestión de espazos naturais).
- FASE D: Avaliación da aptitude dos usos tradicionais e potenciais na área de estudio para o desenvolvemento de iniciativas económicas sostibles.
- FASE E: Estudio e identificación de posibles figuras de agrupamento ou de asociacionismo de traballadores, propietarios e/ou produtores.
- FASE F: Deseño dunha ferramenta software baseada nun Sistema de Información Xeográfico (SIX) e unha base de datos, que forme o soporte e instrumento de análise e diagnose da información (datos, información xeospacial, etc.) do estudio e que permita poñela a disposición dos traballadores, empresas ou calquera persoa interesada.
- FASE G: Redacción do estudio, conclusións finais entrega a destinatarios.

ORZAMENTO TOTAL DO PROXECTO: 15.694 € (Axuda 70%).

A Xunta Directiva autoriza para que se inicien os trámites de solicitude, así como autoriza á Presidencia como representante en todas as actuacións que se deriven do trámite desta solicitude.

4. PRESENTACIÓN MEMORIA DE ACTIVIDADES E CONTAS DO ANO 2011.

Presentase a memoria de actividades e as contas do ano 2011, sendo aprobadas por unanimidade. A Xunta Directiva acorda que se presenten esta memoria de actividades e contas do ano 2011 para a súa ratificación ante a Asemblea Xeral de Socios, acordando facer a Asemblea Xeral Ordinaria o **LUNS 14 DE MAIO**, ás 19.30 horas en primeira convocatoria e ás 20.00 horas en segunda, no Salón de actos do Local Social de A Senra, Concello de Bergondo.

A Xunta Directiva aproba os seguintes puntos na Orde do día para a Asemblea Xeral: 1) Aprobación das actividades desenvolvidas durante o ano 2011 e presentación das contas anuais do ano 2011; 2) Actividades e aprobación orzamento para o ano 2012; 3) Rogos e preguntas.

As contas estarán a disposición dos interesados/as na Oficina Técnica do Programa LEADER en Abegondo, dende o día 13 de marzo ata o día 8 de maio de 2012.

5. PROPOSTA ORZAMENTO PARA O ANO 2012.

GASTOS PREVISTOS ANO 2012: 252.237,67.-€

Concepto	Importe
Gastos de persoal	96.558,97.-€
Dietas persoal e gastos representación	2.000.-€
Amortización	1.700.-€
Servizos xestión laboral	1.728,70.-€
Servizos informáticos	300.-€
Cuota Asociación GDR´s de Galicia	500.-€
Programa “Agro-Emprega”	40.060.-€
Servizos notario	110.-€
Servizos envíos	500.-€
Gastos Proxecto de Cooperación Novos Horizontes	10.000.-€
Gastos Proxecto de Cooperación Territorios Comprometidos na Loita contra o cambio climático	4.000.-€
Gastos Proxecto de Cooperación: Calidade Agroalimentaria	400.-€
Gastos Proxectos de Cooperación: Red Asturgallega Asgaia Innovación	1.500.-€
Gastos Proxecto Interreg: SUDOE	36.480.-€
Gastos Proxecto Fundación Biodiversidad: Emplea Verde	34.800.-€
Servizos Bancarios	700.-€
Electricidade	100.-€
Material consumible	300.-€
Consumo fotocopiadora	2.000.-€
Difusión xornadas varias	12.000.-€
Gastos financeiros e gastos asimilados	2.000.-€

INGRESOS PREVISTOS ANO 2012: 252.237,67.-€

Concepto	Importe
Programa LEADER Medida 431-A (Gtos. Funcionamento) AGADER	110.297,67.-€
Programa LEADER Medida 431-B (Gtos. Difusión) AGADER	12.000.-€
Programa Integrado de Emprego: Agro-Emprega (Consellería de Traballo)	40.060.-€
Proxectos de Cooperación (Ministerio Agricultura)	15.900.-€
Proxecto Interreg (Fondos FEDER)	36.480.-€
Proxecto Emplea Verde – Fundación Biodiversidad (Ministerio Agricultura)	34.800.-€
Doazóns	2.400.-€
Ingresos financeiros	300.-€

A Xunta Directiva acorda presentar este orzamento para o ano 2012 na vindeira Asemblea Xeral de Socios para a súa aprobación.

A Xunta Directiva acorda celebrar posteriormente á celebración da Asemblea Ordinaria, outra Extraordinaria co único punto na orde do día: Candidatura a Reserva de Biosfera, data que se acordará nunha vindeira reunión mensual de Xunta Directiva.

PROPOSTA ACTIVIDADES PARA O ANO 2012

1. CANDIDATURA A RESERVA DA BIOSFERA: ELABORACIÓN CANDIDATURA E PLAN ESTRATÉGICO.
2. PROXECTOS DE COOPERACIÓN:
 - NUEVOS HORIZONTES: CULTIVANDO OPORTUNIDADES
 - TERRITORIOS RURAIS COMPROMETIDOS NA LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO. CALIDADE AGROALIMENTARIA.
 - SEÑAS DE IDENTIDAD DE LOS TERRITORIOS RURALES.
 - ASGAIA INNOVACIÓN: RED ASTURGALLEGA DE INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS. ESTRATEXIAS PARA A INNOVACIÓN.
3. PROXECTO EMPLEA- VERDE (BIOSFERA-EMPRENDE)
4. PROXECTO INTERREG SUDOE (POSTA EN VALOR DE TERRAS ABANDONADAS)
5. PROGRAMA AGRO-EMPREGA (SEGUIMIENTO INSERCIÓN ALUMNADO)
6. ELABORACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO NA WEB DE MARIÑAS – BETANZOS
7. PROGRAMA DE VOLUNTARIADO E XUVENTUDE.
8. PARTICIPAR NA ASOCIACIÓN GALEGA DE GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL: CONGRESO DE DESENVOLVEMENTO RURAL
9. EXECUCIÓN PROGRAMA LEADER 2007-2013. DIFUSIÓN.

A Xunta Directiva aproba estas actividades para o ano 2012, co obxecto de que sexan presentadas ante a Asemblea Xeral de Socios para a súa ratificación.

6. PROPOSTA APERTURA EXPEDIENTE DENTRO DA MEDIDA 431-B: DIFUSIÓN DE ACTIVIDADES.

Solicítase á Xunta Directiva autorización para abrir un novo expediente dentro da Medida 431-B, anualidade do 2012, co obxecto de imputar gastos da Asociación “Mariñas – Betanzos” tales como: Edición libretos Asemblea Xeral 2011; Correos; Teléfonos; Fotocopias; Imputación horaria da Auxiliar Administrativa (1 mes). Total Importe solicitado a imputar neste expediente: 3.800 euros.

A Xunta Directiva acorda solicitar este novo expediente, autorizando á Presidencia para todos os trámites que se deriven desta solicitude.

7. INFORME AVANCES CANDIDATURA DA RESERVA DA BIOSFERA. MOCIÓNS APROBADAS

Na reunión celebrada o pasado 24 de xaneiro de 2012, os representantes municipais acordaron trasladar o debate aos Concellos, co obxectivo de **aprobar unha Moción Municipal antes do remate do mes de febreiro**, co compromiso de traballar coordinadamente nesta candidatura. A este respecto, informar que a data actual foron aprobadas as mocións nos seguintes Concellos: Abegondo, Arteixo, Aranga, Bergondo, Betanzos, Carral, Coirós, Curtis, Irixoa, Oleiros, Paderne e Sada.

A Xunta Directiva acorda que o Equipo Técnico do Programa LEADER, traia para a vindeira Xunta Directiva propostas de modelos de Órganos de xestión para a Reserva.

8. INFORME INSCRICIÓN DO GDR MARIÑAS – BETANZOS NO REXISTRO DE ENTIDADES DE ACCIÓN VOLUNTARIA DE GALICIA.

En Xunta Directiva celebrada o 14 de novembro de 2011 acordouse solicitar a inscrición da Asociación Mariñas – Betanzos nos diferentes censos de entidades da xunta relacionados cos obxectivos estatutarios

Con data 29 de febreiro de 2012 ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos certificado e resolución favorable de inscrición no Censo de entidades de acción voluntaria de Galicia da “Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas – Betanzos”, figurando inscrita co número de orde O-605.

A Xunta Directiva acorda que o Equipo Técnico do Programa LEADER, traia para a vindeira Xunta Directiva a proposta de Programa de Voluntariado presentada na Consellería.

9. CONVOCATORIA AXUDA “INFO XOVE”.

Con data 1 de marzo de 2011 ten saído publicado no DOG unha convocatoria da Consellería de Traballo e Benestar convocatoria de axudas dirixidas a asociacións xuvenís e ás entidades prestadoras de servizos á mocidade e as súas respectivas federacións.

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras que deberán rexer os procedementos de concesión de axudas enmarcadas no programa Iniciativa Xove para a posta en marcha de iniciativas xuvenís, entendidas estas como proxectos dirixidos á mocidade da Comunidade Autónoma de Galicia, que se desenvolvan durante o ano 2012, e en que os/as mozos e mozas participan activamente en actividades deseñadas por eles/elas mesmos/as, e convocar as ditas axudas.

Para os efectos desta orde considéranse áreas de atención prioritarias para desenvolver mediante as iniciativas xuvenís as seguintes:

- a) Proxectos de ocio e lecer educativo.
- b) Proxectos relacionados coa creación de espazos para a comunicación e coas novas tecnoloxías.
- c) Proxectos de fomento de actitudes creativas, emprendedoras, innovadoras e participativas da mocidade na súa comunidade e contorno, así como de fomento de accesibilidade de mozos e mozas con discapacidade a actividades culturais e de tempo de lecer.

Axuda máxima por expediente: 4.000 euros

A Xunta Directiva acorda que a través deste proxecto se faga a solicitude en base ao artigo 1 da convocatoria, solicitando o seguinte:

- Estudio de oportunidades de emprego no medio rural para a xuventude. Este estudo non tería custe ningún, se faría ligado ao programa de voluntariado que ten feito o GDR Mariñas – Betanzos.
- Elaboración dunha páxina web de información sobre as oportunidades de emprego, e punto de encontro entre ofertas e demandas de emprego, co obxecto de fomentar o emprendemento na xuventude. Asistencia técnica. 2000 euros.
- Asistencia a feiras do territorio, co obxecto de difundir e promocionar as oportunidades de emprego para xóvenes no medio rural. Aluguer carpas e stand. 2000 euros.

A Xunta Directiva acorda a presentación desta solicitude, nomeando á Presidencia e Vicepresidencia indistintamente, representantes para todas as actuacións que se deriven deste expediente.

10. SEGUIMIENTO DO PROGRAMA LEADER.

10.1. PECHE EXPEDIENTE DO PROGRAMA LEADER.

Con data 23 de novembro de 2010, Roberto Dominguez Caina solicitou axuda do Programa Leader para a ampliación dun negocio de reparación de motos e tamén para crear unha nova actividade de aluguer de motos en San Pedro de Nós (Concello de Oleiros). Con data 07 de marzo de 2012, o promotor presenta o desistimento da axuda solicita.

A Xunta Directiva, acorda o arquivo deste expediente.

11. ROGOS E PREGUNTAS

11.1. MELLORA DUNHA EXPLOTACIÓN: CENTRO DE PRODUCCIÓN E DISTRIBUCIÓN DA RAZA GALIÑA PIÑEIRA (L09-41100-29-0024)

Con data 12 de marzo de 2012 ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos solicitude de prórroga na execución do proxecto “ Mellora dunha explotación centro de produción e distribución da raza Galiña Piñeira”. O promotor do proxecto, Juan Eugenio Rey Fernández, ten que presentar a xustificación final do proxecto antes do 25 de marzo de 2012.

Tendo en conta que o Programa Leader establece 18 meses para executar o proxecto e que a resolución de concesión de axuda foi remitida o 23 de novembro de 2010, podería solicitar unha prórroga ata o 23 de maio de 2012.

A Xunta Directiva autoriza a concesión de prórroga deste expediente ata o 23 de maio de 2012.

11. 2. INFORMES TÉCNICOS SOBRE ESPACIOS NATURAIS.

O representante da Asociación Rabo do Galo Fernando Bandín, comenta aos asistentes que lle teñen trasladado algúns dos autores dos diferentes estudos, que están pendentes de pago.

11.3. PROPOSTA PARA DINAMIZAR AS FEIRAS DO TERRITORIO DE “MARIÑAS – BETANZOS”

A representante do Concello de Carral, Florinda Duarte manifesta o interese que dende o GDR “Mariñas – Betanzos” puidera solicitarse un expediente ao Programa LEADER para a realización de feiras de interese na comarca; interese que o Alcalde de Paderne e Vicepresidente tamén quere transmitir.

Dende a Xerencia do Programa LEADER elaborárase proposta ao respecto.

Non se produce ningunha outra intervención, dándose por finalizada a reunión da Xunta directiva ás 22.00 horas.

En Bergondo, a 12 de marzo de 2012

A Secretaria

Asdo.: Dna. Concepción Lema Torre

Vº e praxe Vicepresidente

Asdo.: D. Cesar Longo Queijo